

ASUNTO: DECRETO SUSPENSIÓN QUIOSCOS

DECRETO DA ALCALDÍA

O art. 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regula o feito impositivo das taxas municipais, do xeito seguinte:

“1. As entidades locais, nos termos previstos nesta Lei, poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten o beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.”

En todo caso, terán a consideración de taxas as prestacións patrimoniais que establezan as entidades locais por:

A) A utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.

B) A prestación dun servizo público ou a realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ao suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

a) Que no sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. A estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos administrados:

Cando veña imposta por disposicións legais ou reglamentarias.

Cando os bens, servizos ou actividades requeridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Que non se presten ou realicen polo sector privado, este ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

2. Entenderase que a actividade administrativa ou servizo afecta ou se refire ao suxeito pasivo cando sexa motivado directa o indirectamente por este en razón de que as súas actuacións ou omisións obliguen ás entidades locais a realizar de oficio actividades o a prestar servizos por razóns de seguridade, salubridade, de abastecemento da poboación ou de orde urbanístico, ou calquera outras.

O Real Decreto Lei 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, supuxo unha redución da actividade comercial, estableceu un confinamento da poboación e, no ANEXO I, estableceu a relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao público quedou suspendida con arreglo ao disposto no art. 10.3 da citada disposición.

Polo tanto, dada as consecuencias económicas derivadas do citado Real Decreto Lei semella convinte concluir que existe unha diminución da actividade comercial dos quioscos instalados en bens de dominio público de propiedade municipal. Por elo considerase procedente proceder á devolución ou non liquidación de ditos ingresos, en tanto en canto dure a situación presente.

Polo exposto e, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e con base na Resolución da Alcaldía de 23 de marzo de 2020



FIRMAS Y FECHAS



que revoca a de data 17 de xuño de 2019, pola que o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Monforte delegou atribucións na Xunta de Goberno Local:

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Proceder á devolución ou non liquidación da taxa por instalación de quioscos na vía pública, durante o período comprendido entre o día 16 de marzo de 2020 e o día que finalice o estado de emerxencia, declarado por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

SEGUNDO.- Unha vez finalizado o estado de emerxencia e levantada a suspensión obrigatoria das actividades relacionadas no citado Anexo I do Real Decreto 463/2020, os suxeitos pasivos afectados deberán presentar a súa solicitude no Rexistro do Concello, no modelo que se lles facilite ao efecto.

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste Decreto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Monforte de Lemos, na Páxina Web e no B.O.P.

Monforte de Lemos a data da sinatura dixital

O ALCALDE,

Asdo.- José Tomé Roca

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

